

E

HEURE

BAKICERIE



MICRO

E

BARRAÇUELA

REPEL 2003

4º curso de Primaria

C.E.I.P de Ponte Sampaio

# INTRODUCCIÓN

**E**ran outros tempos... **U**nha parte importante dos recursos necesarios para sacar adante a familia obtíñase do campo e tamén da mar. **M**uitas leiras que están agora a mato (cheas de maleza) estaban traballadas. **N**a práctica totalidade das casas criábanse animais para comer e vender (porcos, galinhas, ovelhas, coellos,...). **M**uitas tiñan 1 ou 2 vacas que, ademais de axudar nos duros traballos do campo, proporcionaban leite, carne e algúns ingresos cando se vendían os becerros. **N**ecesitábase, para atender os animais durante o inverno, dispor de reserva de pasto. **C**on este fin se facían as medas ou palleiros e os bardelos (palleiros de cana de millo), de forma cónica, semellantes ás cabanas indias que vemos nas películas de vaqueiros. Seguramente, quitando as casas, as aldeas parecerían auténticas poboados indios.

**S**o cambio de vida, o progreso, o "abandono do campo" - que dín os maiores - e a introducción de moderna maquinaria mudou os hábitos. **C**ase non hai vacas nin porcos, áinda que se mantén pero en menor medida, a cría e cuidado de galinhas, coellos e ovelhas. **X**a non se ven tantas medas e bardelos. **Q**uen planta, moitas veces corta a palla na leira, para abonala e, en moitos casos, a herba seca almacenar facendo pacas cos novos tractores.

**G**Con este trabajo queremos aprender e comprender o proceso de elaboración e a importancia destas singulares formas de almacenaxe:

**PEDAS**

**EN**

**PALESTRAIS**



**E**



**BARBEIRAS**

# A HERBA VARIEDADES

De Vigo ou "castellana"

**A**más usada nesta zona, pola sua calidade e boa produción.

**S**emíntase a finais de agosto e principios de setembro para que ao chegar as primeiras chuvias, aínda en clima cálido, xerminase con máis facilidade.

Se munta cedo  
e collárs  
palla e centeo.



**E**n teneos regadiños, semíntase entre o millo ou co-mitades as patacas e cebolas. Logo regáse calcaíndelle coa ferramenta (sacha, airada) - "apalmarar a herba" - co obxecto de que quede girada na terra e non a coman os páxaros ou a anastren as choivas. Se non se rega, basta con pasalle o angaro apropiado.

"Herba de Vigo"  
*Lolium multiflorum*

## "De prado ou "folgada":"

De moi pouca produción en outono - inverno, e demasiado terna en primavera podendo provocar diarreas nos animais, polo que se debe deixar cortada un día ou dous a fin de que prenda auga. "deixa-la mucha". Sementarse en setembro - outubro.

## "Sonadela"



*Ornithopus compressus*



*Ornithopus sativus*

Sementada normalmente por debaixo dos enramados de viña para ter pasto en maio - xuño cando as leiras están plantadas de patacas, legumes, millo, e o pasto é escaso.

## "Trebo"

 Unha herba moi nutritiva. Adóitase mesturar coa castellana, en pequena proporción.

"Trebo"



"Avea"



Avea sativa

**S**imilar á "castellana"; pero máis dura e máis alta.  
Pode sementarse mesturada con esta, en proporción  
maior que o tubo

pacas



## — SEU USO —

**C**omo fonoxe basicamente, tanto en verde como "ensilada" ou seca. A herba seca tamén servía para "facer a cama" nas cortes aos animais recién nacidos (becerros, porcos, arños,...) ou para facer o niño ás galinhas cando se "deitaban" para a incubación. De igual forma que a palla de centeo ou trigo, tamén se usaba para entregar nos faiados ou alpendres e, sobre ela poner matás, peras, pementos,..., para lograr unha boa maduración e conservación. Na época da matanza, tamén podía ser usada para "chamuscari" o porco.

## — COIDADOS —

**A**"castellana" sementase en agosto, fáiselle a primeira corta en outubro nos teneos bos, de aí que esta primeira corta chamase "outono". Despois segundo os teneos, abonado, regas,..., fáiselle outro en decembro-xaneiro. Se se quere deixar para aproveitar a semente, non se pode cortar nunca despois de San Blas.

"Febreiro molladeiro,  
nun boa meda,  
nun bon nalloiro."

para que a primeiros de maio estea lista para a recolección, "deixar para a semente". Ademais de bo abonado e abundantes regas, débese ter especial cuidado en eliminar as "malas herbas" (saramagos, pampullos) leitugas, ...) para facer que a semente seca o mais pura posible. As regas hanse facer praticamente a diario, especialmente nos manzás de xiada, antes da saída do sol. Aquelas parcelas que non son de regadio, só se regan coas augas da choiva, sendo as primeiras choivas as máis apreciadas e disputadas, pois son as que anastrian polos camiños os resto de excremento dos animais que transitan durante o verán e por tanto teñen gran valor en abonos. Para o aproveitamento destas augas, por non ter propiedade, había que estar montando garda, tanto de noite como de dia, e relaxar que non as levase o veciño. Ténense feito verdaderas trafuleadas por conseguir regar.

# A SEGA

## "CEIFA DA HERBA"

**S**e a traballa de sementar, especialmente entre a millo ou os novos zoller rascan e incluso cortan; é dura, a labor da sega era moi trapecial, posiblemente a peor das tarefas agrícolas.

**C**anda se ía segar, a herba, moita veces, formaba remuiños, a que duplicabas a traballa, que se facía a man coa fouce e más tarde coa gadaña.

**O**llabía que deixala toda igualada para afarrar traballa na retirada da semente "a millo". **P**rocurabase segar nas primeiras horas do día xa que co arbusto a semente non caía da palla. **U**nha vez cortada, estendida deixando ben igualada e canda xa estaba ben seca (normalmente dous días) había que proceder á retirada da semente "mollar a herba". **T**raballa dura, pais haleá que facela non horas de maior calor para que a semente caese con maior facilidade. **O** que tiña unha vela de herba estendida na leira era sobre ela faciarse a molla. **O** que non tiña vela debía



Herba secada

"Sempre molla que te molla sempre endonda a curva, é que a que o dema traballa, acabara tarde ou nunca."

faer unha eira, deixando a terra limpa e pisándoa ben para logo poder barrer e apredentar toda a semente.

"Sen palla non hay grán."

**P**osteriormente empregáronse a plástica. **M**a eira poníase unha cesta baxa aberta e sobre ela íanse galpeando as puntas da herba ata que soltaran toda a semente. **T**amén se podía facer ruxido tando a herba cunha man e coa outra moa, cun pa de dous, 50 centímetros, galpear as puntas. **A**palla ía-se xuntando

plástica na eira



ou mortón e recollíase a semente en sacos para gardar na xaiada ou alpendre, onde se extendía e se deixalas ata a próxima ara.

**A**palla transportábase en carros ou aa lomba ata o lugar onde se facía a palleira.

"On de palla  
on de palluccira,  
a casa é  
encher a palleira!"

# FERRAMENTAS

ANGAZO



GALLA



FORQUITA



ANGAZO DE FERRO



GADAÑA



GANCHO





## PRILERO



"Cando morreu mirea sogra  
enterráma no palleiro  
deixelle unha man de faga  
"pa" que tocara o pandeiro."

⑥ **palleiro** faire, normalmen-  
te, no eido preto da cara e  
das cortes dos animais.

⑦ **día** que se escolle para  
facer o palleiro ten que ser un  
día soleado. **Ben** de mañá si  
case toda herba e esténdese ao  
sol co obxecto de quitarlle a  
humidade e tela ben seca.

**P**ara facer o palleiro en-  
ténrase un poste "pau do palleiro" de madeira.





# PALME DE PALUZERA DE HERDEZERA



# PALE DE PALIECA DE PROYA



ou pedra duns  
6 metros de alto  
a uns 70 centímetros  
de profundidade.



 Con posterioridade foron usados para o pau do palleiro, postes da luz (formigón) ou de teléfono (madeira con tratamentos de conservación).



 Nalguns casos, co obxecto de darlle máis firmeza e estabilidade para resistir os temporais de vento, súnditase con tres ou catro paos, cravados contra o chan.



 seu redor constrúise unha plataforma cuadrada ou rectangular, "base do palleiro" ou "estallo", a uns 50 centímetros sobre o nivel do chan, colocada sobre catro apoios, un en cada vértice, normalmente de pedra.



6) obxecto desta forma, construída con paus que se cruzan horizontal e verticalmente, e cuberta de oideiras en moitos caños, é illar a palla do contacto co chan para evitar que se mollose ou humedecese.

Para a elaboración do palleiro eran necesarias, cando menos, dousas persoas expertas:

Unha que inicialmente se sitúa sobre a plataforma para ir colocando a herba e facendo o palleiro. Outra que, desde abaixo, dirixe a construcción.

A herba, antes de botala arriba, debía que sacudela e soltala ben, "salfear a herba", traballo que facían tres ou catro persoas, segundo necesidades.

As dimensións do palleiro dependían da cantidade de herba a almacenar.



**A** persoa experta quedaba en terra e era a que ia orientando ao de arriba acerca de onde se tiría que ir ponendo máis ou menos cantidade, o obxecto de que o palleiro quedase bonito e ben feito, o que se tiría como un orgullo e era motivo de sana rivalidade. **C**ando a herba se ia acbandado, o de abajo dícta ao de arriba "vai cenando, quédanche.



...feixes", co que o de arriba comensaba a estreitalo e, ao tempo, enrolando máis herba ao paio, para que quedase ben suxeita e evitar que se filtrase auga. **X**a, finalmente e para evitar a entrada de auga, suxeítase ao paio, cun vimbio ou corda, un bo "mollo" de palla de centeo ou avea, dándolle forma cónica. **C**íñese cun aro de banil suxeito con diñas canas ou varas cruzadas "glosos ou churos".

**C**omplítase esta operación cravando na cima do poste un disco metálico ou colocando unha lata ou un caldeiro para evitar que se mollesse o poste e se filtrase a humidade provocando a putrefacción.



"mollo"

facción do  
No in-  
era preciso,  
o pasto do  
ao gando, ben  
rado e mes-  
verde "empa-

Facer o  
traballo duro  
da pouco tem  
vecinos tinan  
e no mes de  
a haber tre-  
se traballeba

das moitas veces pero con alegria, pais era media e  
ao rematar, normalmente, había unha boa merenda.


galloiro con herba de folgada era igual, pero  
faciase en xullo e, por tanto, mais descansado.

"ghisoy"



pasto.  
verno, cando  
lase retirando  
palleiro para dar  
só ou semitriturar  
tirado con herba  
llado".

palleiro era un  
porque se disponía  
po, pois todos os  
o seu por facer  
maio acostumava  
bocas nata que  
a marchas fessa-



Carapuchos



Carapuchos

Colmo



Pau  
do  
palleiro



Ehuesos



Aro  
de  
barril



"estallo."  
Base do palleiro

Soportes

Piedra de base



## VARIETADES



**E**xisten distintas variedades pela cor de grani: Branca, "pega" (grans brancos e negres maturados), vermella ("rainha"), híbridos, etc.

**S**e atendemos á altura dos talos temos:

**B**aixa: usada en terreos moi batidos polo viento, normalmente en terrazas secasas ubicadas en zonas altas.

**D**e talo alta: para lugares menor batidas e húmidos, de recolección máis tardía.

**P**ola postura da espiga atopamos unhas coa punta cara arriba e outras que, cara ao final da crecemento, dobráronse cara abaixo, ca que o gran queda máis protexida da chuva e dos percosos, que teñen máis difícil sacarlle a "follata".



## CORNAZOS

Sementar nos meses de abril, maio e xuño, rende a colleita nos meses de agosto, setembro, outubro, segunda as terras (seca ou regadio).

Para sementar escallónse as espigas máis grandes, ben fermadas, co grano grande e unigarrone, ás que se lles retiraban os grano das extremas (normalmente mal fermados).

"O que sementa sen semente  
regáa sen gavina."

había tres gomas de sementar:



"A la leña"



"A los negos"

**A** a leira<sup>3</sup>: **B** spillábase os grans de mille por toda a leira.  
**A** s cabedas<sup>3</sup>: **D**epositábase 5 ou 6 grans en cearas que se facían coa aixada a unha distancia uniforme (aproximadamente un paso longo de quem sementaba).

**A** os regos<sup>3</sup>: **F**aciáronse regos e reles sementábase o gran.  
**X**a sainda, e cunha altura de 20 ou 30 centímetros, facíase a primeira selección (**"xarea"**), retirando as plantas máis débiles ou moi xuntas. A medida que rematábase a terra para retirar as malas herbas (**"bacha-la-mille"**). **X**a a máis medrada facíase a segunda selección.

**C**anda as espigas xa estaban polinizadas retirábase a parte superior da planta **"o pendón"**, para pasta da ganda.

**P**ara a recolección cortábase a palla a rentes de chao, despois de collidas as espigas.

**A**s espigas acarreábanse para a casa, quedando almacenadas **"branca"** **"pega"**



**"pendón"**



rodadas nas albercas para proceder posteriormente a **"esollar"**, retirar a enceraría da espiga, traballalque se realizaba normalmente polas noites ou en días de choiva. **X**a limpas levábanse para a canastre, para a canastre, para a gaiada ou outra lugar seco e ventilado, onde se gardaban.

**A** "barbelas" aproveitábanse para uso medicinal. Tamén se aproveitaban os zollas interiores da "zollata" para diversos usos: encaxtaria de cigarros, tapar as gendas das becasas, ou simplemente para recheo das calchóns "xergóns".

**A** palla quedaba normalmente almacenada na mesma lura, formando medas ou bardieiros.

**P**ara facer a bardaia calzáronse un "molla" de palla na entra e saíre arrimando outras dándolle forma cónica. **F**inalmente surciitábase con, alanceas, duas "xastras" (carreas zeitas con raímbia, ou xesta), unha na punta e outra polo medio da bardaia.



## V505

**S**egunda se via necessitando acarrexábase na corra ata a alboia ou corte para alimentar a ganda. **P**artíase en anacos dunos 30 centímetros, e batabanse na corte. **O** que non era consumido quedaba facenda esterca. **T**amén existía o molla de "restean" ou "millerada", que se sementaba despois da colleita das patatas temporais (maia-xuré) e que, ao non dar tempo a que se formase a espiga, surxeíanse como alimento para a ganda.



"millerada"

# COUSAS QUE NOS CONTAN

## os medos

**O**s animais da casa cans e gatos dormían habitualmente debaixo do palleiro, querían e protexían da chuvia, de aí o nome de "cans de palleiro".

**O**baixa do palleiro paraban os gatos e amontaban as queixadas que andaban soltas polo cido.

**T**amén, nor contan que no medio do palleiro se metían peras de gráta (marás, peras,...) 2 ou 3 días, para que, coa calor, maduraran antes.

Na vida vida tal vez  
trocar o gran pola polla  
olvidar unha solteira  
por querer unha casada.

## os bardieiros

**O**ra rixiar a auga da rega, ou quitar ao veciño, de noite, moitos se escondían no medio do bardieiro e aí quedaban dormidos.

**T**amén nor contan que quedaban a dormir nos bardieiros os moros que vivían moi tarde da festa e non querían chegar a esa hora á casa, por temor aos seus pais.

**O**n 1º de ano, algúns moros facían a brasa de ir polas leiras e tirar os bardieiros. **N**os días seguintes podíase ver os carros adrexando a polla para os caros.


## FOTOGRAFIAS


A) fotografias que aparecen no traballo, agás as de herba e o millo, foron feitas por nos e todos pais nos parqueiros e lugares de Ponte Sampaio, Cacheiro, Vilal, Esticoula, Roridouro, Paredo.

B) ver que nos usan unha paixón mambilla, un testemuña de que ainda se segue mantendo en menor medida, a costume de nosos ducancas. nos de facer MEDAS E BARDEIROS.









01.05.2000



# VOCABULARIO

**Abonar:** Sustancia coa que se abonan as terras para fecharas máis produtivas.

**Aixada:** Ferramenta agrícola, especie de racho.

**Alboios:** Alpendre.

**Bardiro:** Nome que neste lugar se lle da os palleiros feitos con cana de millo.

**Canastro:** Horreo, construcción anexa á casa rectangular que se emprega para gardar cereais.

**Chamuscari:** Queimar superficialmente; enquecir.

**Ensilada:** Herba gardada seca.

**Follato:** Conxunto de follas que recobre a malla do millo e de doutros cereais; corrupa follada.

**Espollor:** Quitarlle a espiga á capa do millo.

**Lixa:** Terra de labrado.

**Lituga:** Dente de león, planta herbácea da familia das compostas (*Taraxacum officinale*) de flores en roseta,

amarelas, e de raíces medicinais; tarvelo.

**Pallar:** Bater co mallo para separa-lo gran da palla nos cereais.

**Plato:** Terreno inculto cheio de plantas silvestres.

**Peda:** Construcción cónica que se fai cos mollos de oreal.

**Millerada:** Millo que se planta tarde, non para collecer espiga, senón para alimentar o gando.

**Orballo:** Churia milda e persistente que ten a apariencia de millo.

**Pacos:** Fardo de herba seca, palla fortemente prensada e atada.

**Palleiro:** Amoreamento de forma más ou menos cónica que se fai na era ou na volta da casa labrega coa palla maldade.

**Pampullo:** Planta silvestre da familia das compostas de flores amarelas e moi común nos cultivos de millo etc.

**Pendón:** Flor do millo.

**Paro:** Descaz mais raro ou menos denso; entacoller.

**Sartas:** Segunda ou terceira collecta queda en brasa rosa.

**Saramugos:** Herba silvestre da familia das crucíferas (*Raphanus raphanistrum*) de flores amarelas ou avermelladas en espiga, moi común entre os cultivos.

**Dengón:** colchon, futo de follato, herba etc.

**Mortas:** correas feitas con vimio ou resta.

## RECERCA

- Encyclopédia galega.
- Regraneiro Galego de Taboada Chivite.
- José Casal Lois.
- <http:// cervantesvirtual . cosa>.
- xxxx : es wikipedia .

## — AGRADECIMENTOS —

Queremos mostrar o noso agradecementos a todas as persoas que nos axudaron a facer o traballo: nosos pais facendo de fotógrafos, nosos avós e avoas contándonos o que eles saben de esta costume, ¡que é moi!, os vecíños deixandonos fotografar as ferramentas, as medas e os bardeiros, a nosa profesor de informática Axelino. Sen elas non sería posible facer este traballo.  
Graxas por conducirnos nesta aventura.

Ivan Lago Bernárdez

Rony

Vicente Vidal Arenas

Santi Vigo Seoane

José Iñaki Santos

Patricia Barreiro Gómez

Maria Lago Bernárdez

Nicolás Cabalero Somoza

COORDINADORA: Carmen Cid Cadavid

# ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	1
A HERBA: VARIEDADES	4
USO DA HERBA	7
COÍDADOS	9
A SEGA "CEÍFA DA HERBA"	9
O PALLEIRO	12
O MIUO: VARIÉDADES	20
COÍDADOS	24
USOS	23
COUSAS QUE NOS CONTAN	24
FOTOGRAFÍAS	25
VOCABULARIO	31
BIBLIOGRAFIA	34
AGRADECIMENTOS	35
ÍNDICE	36